

RESOLUCIÓN pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR GDR - 9 Asociación Monteval

Fundamentación xurídica.-

-Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR 9 Asociación Monteval, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020, publicadas no DOG o 18 de xaneiro de 2017 (DOG. Num. 12).

O artigo 16 das bases reguladoras, establece que corresponde aos GDR solicitar, dentro das dispoñibilidades orzamentarias que estableza a convocatoria, a aprobación a Agader do importe máximo dispoñible para cada unha das tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2. Estas tipoloxías de proxectos subvencionables son as seguintes:

- Proxectos produtivos.
- Proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais.
- Proxectos non produtivos promovidos por entidades de carácter privado.
- Proxectos de formación promovidos polo propio GDR.

- Resolución do 30 de decembro de 2016 do director xeral da Agader pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida LEADER do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017 e 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo agrícola de Desenvolvemento Rural.

Resolución do 23 de novembro de 2017 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 23 de novembro de 2017 polo que se modifica o Acordo do 29 de decembro de 2016 polo



que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 229do 1 de decembro de 2017).

Resolución do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 245 do 28 de decembro de 2017).

RESOLVO:

Artigo 1

17. O Anexo II da citada Resolución do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 245 do 28 de decembro de 2017) establecía para o GDR a seguinte distribución por anualidades:

ANO	IMPORTE
2018	319.860,05
2019	415.397,60
TOTAL	735.257,65

18. Unha vez ampliada a dotación orzamentaria da anualidade 2018 desa convocatoria os fondos non comprometidos da anterior convocatoria de proxectos 2017-2018; así coma os fondos liberados nesta anualidade 2018 polo GDR procedentes da cantidade asignada para a submedida 19.4 (gastos correntes e animación) no Convenio de Colaboración entre a Agader e o GDR; os importes dispoñibles para a presente convocatoria de proxectos 2018-2019 serán os seguintes

Remanente da medida 19.2 procedente da convocatoria 2017-2018	14.047,78
Traspaso de fondos da medida 19.4 á 19.2 procedentes da convocatoria 2018-2019	44.327,00

ANO	IMPORTE
2018	378.234,83
2019	415.397,60
TOTAL	793.632,43



Artigo 2

9. A distribución por tipoloxías dos fondos dispoñibles para esta convocatoria de proxectos, será a que se indica no seguinte cadro

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.018	%	2.019	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	245.852,64	65,00	270.008,44	65,00	515.861,08	65,00
	Non produtivos (entidades públicas locais)	61.463,16	16,25	67.502,11	16,25	128.965,27	16,25
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	61.463,16	16,25	67.502,11	16,25	128.965,27	16,25
	Formación	9.455,87	2,50	10.384,94	2,50	19.840,81	2,50
	TOTAL		378.234,83		415.397,60		793.632,43

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

